

MOCION PARA SOLICITAR MEDIDAS PARA EVITAR OU LIMITAR **OS CORTES PRODUCIDOS NO SERVIZO DE DISTRIBUCIÓN** **ELÉCTRICA CADA VEZ QUE SE PRODUCE UN TEMPORAL**

Xurxo Charlín Trigo, con DI 76.862.042-K, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta moción, en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de decembro e novembro producíronse en Galicia temporais de intensidade media que estaban previstos polos institutos de metereoloxía.

Como consecuencia dos mesmos, moitas instalacións de distribución eléctrica ao longo do país sufriron incidencias que deixaron sen servizo a moitas persoas durante horas, no caso de Cambados foron máis de 5.000 usuarios no pasado mes de decembro e 7.000 en novembro na comarca do Salnés.

Estes inxustificadas cortes provocaron innumerables e cuantiosos prexuízos persoais e económicos á cidadanía e as empresas, agravados polo feito de que ademais adoitan implicar a caída da rede de telefonía e internet.

A responsable do monopolio natural da distribución en Galicia, e de maneira case única, a compañía Gas Natural Fenosa Distribución, que percibe ao ano o importe que polo servizo de distribución se carga nos recibos de todos os abonados e abonadas. No exercicio 2016 Fenosa ingresou por este concepto 715 Millóns de Euros unha moi importante cifra que debería garantir un servizo de máxima calidade e seguridade.

Este importe desglósase nas seguintes partidas: 429 Millóns de Euros para inversións na actualización e mellora das instalacións; 160 Millóns de Euros para operación e mantemento e 126 Millóns de Euros para outras tarefas (lectura de contadores, facturación, atención telefónica, planificación e custes de estrutura).

Estase tratando de trasladar á cidadanía que os cortes de luz son consecuencia normal do mal tempo; un mal tempo previsto con antelación. Pero isto non é así, e débese, segundo o noso criterio, aos seguintes factores:

-Falta de desenvolvemento e planificación dunha rede máis segura e redundante e de inversión suficiente para facelo posible, sobre todo no medio rural.

-Ausencia total de mantemento preventivo da rede e das servidumes de paso das liñas.

-Subcontratación dos traballos de reparación de avarías a compañías con insuficientes medios técnicos e persoais e escaso coñecemento das instalacións e das zonas onde deben actuar.

A ausencia de persoal propio da compañía de maneira estable, en todas as comarcas, fai que, en caso de avarías ou incidencias, as compañías subcontratadas tarden moito en intervir e debido a mala información non teñan a capacidade de priorizar as incidencias máis importantes. Desta maneira os responsables públicos locais e os cidadáns non teñen a ninguén de referencia para poder trasladar reclamacións e información sobre situacións críticas, tendo como único contacto un teléfono de atención xeral que en situacións como a que acaba de acontecer adoita estar saturado e tórdanse varios días en recibir contestación ás reclamacións.

Ante todo o exposto, dende Somos Cambados consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que intervir de maneira urxente para implementar as medidas que solucionen ou palién as consecuencias dos temporais na rede eléctrica. A este fin, o Pleno do Concello de Cambados

ACORDA

Instar á Xunta de Galicia a:

- 1.- Solicitar un informe anual desagregado dos investimentos a realizar na rede de distribución eléctrica en Galicia por parte de Gas Natural Fenosa Distribución con tempo suficiente para poder facer alegación e propostas de mellora.
- 2.- Solicitar un informe anual desagregado do orzamento anual de Gas Natural Fenosa Distribución para o mantemento da rede en Galicia con tempo suficiente para poder facer alegacións e propostas de mellora.

3.- Implantar, en coordinación coa compañía distribuidora, un procedemento estandar de reclamación sinxelo e accesible para toda a cidadanía que garanta o pago áxil, xusto e rápido das indemnizacións que correspondan en caso de cortes prolongados.

4.- Esixir á compañía distribuidora a ter persoal propio estable en cada comarca responsable da supervisión da rede. Desta maneira os responsables públicos locais e os cidadáns terían persoas de referencia para poder trasladar reclamacións e información sobre situacións críticas e non ter que comunicarse de maneira desesperante cun robot de atención o cliente.

5.- Implantar un servizo de atención ao usuario (dentro dos 126 Millóns de Euros que a compañía cobra ao ano por atención), que achegue información on-line por comarcas, concellos, parroquias e lugares indicando o estado e a previsión de reposición. Isto é común en moitos países onde teñen situacións de temporal. Este servizo on-line vía whats-App, mensaxes, ou app para móbiles axudaría moito descargando ao telefono de atención e aportaría certidume aos cidadáns para poder tomar medidas paliativas a tempo.